

Érase unha vez un pequeno pobo. Un pobo situado, coma tantos outros, nas marxes da estrada N-VI. Un pobo polo que pasaban os automovilistas, polo xeral, sen pararse, sen deterse.

Neste pobo vivía un cura, coma en tantos outros, pero neste caso era un cura ó que lle gustaba moito todo o que facía referencia ó Nadal e soñou con facer no seu pobo un «Belén» que chamase a atención e que convertise a este pequeno pobo, nun pobo diferente, nun pobo no que os automovilistas –ó menos polo Nadal– tivesen un motivo para deterse, para facer unha parada no camiño. A muxica que prendeu este «lume» foi unha visita a un nacemento na Coruña. Don Xosé, que tal era o nome do cura, para leva-la *sua obra* adiante, soubo rodearse de xente entusiasta e entusiasmada coa idea, de xeito que, se el un día faltaba –como, por desgracia, así foi–, *a súa obra* seguise a súa andadura. Xosé Rodríguez Varela sería –e é aínda– o que lles deu –e dá– «vida» ás figuras. Xulio Xiz Ramil será o «motor» dos diversos actos que cada Nadal se artellan ó redor do Belén Electrónico. Estes actos levan a milleiros de persoas, a milleiros de romeiros a este pequeno pobo da estrada V-VI. Pequeno pobo que, cada Nadal, opera o milagre de convertirse nunha brillante estrela, nun radiante sol que deslumbra ós outros pobos. Hoxe en día, este pequeno pobo é coñecido en toda Galicia, e aínda fóra, polo seu Belén. Por ese Belén que ano tras anos se vai engrandecendo e que outros pobos –Folgozo de la Ribera, por exemplo– van copiando. Este pequeno pobo, situado na N-VI, a poucos quilómetros de Lugo, é Begonte, que de aquí en diante ben se podería chamar BEGONTE DO BELEN.

BEGONTE DO BELÉN